

Fermín

BOUZA BREY



Fermín Bouza-Brey Trillo naceu en Pontearreas o 31 de marzo de 1901 e morreu o 11 de xuño de 1973 en Santiago de Compostela, sendo soterrado na vila de Cortegada (Ourense). Foi un xurista e intelectual que dedicou os seus esforzos á investigación no campo da etnografía, da arqueoloxía e da literatura, deixando numerosos traballos difundidos en publicacións diversas.

Ademais de ser licenciado en Filosofía e Letras, tamén se licenciou en Dereito con Premio Extraordinario no ano 1924, pola Universidade de Santiago de Compostela.

Accedeu ao corpo de aspirantes á xudicatura, comezando a traballar como maxistrado en Vielha (Lleida) no ano 1929. A finais dese mesmo ano foi destinado á Estrada, xa na Galiza. Ocupa esa praza de maxistrado cando se produce o golpe de Estado no ano 1936 e é nomeado para o posto de oficial, capitán do corpo xurídico militar en Lleida. En 1943 é nomeado para o posto de xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Santiago, e máis adiante como maxistrado na Audiencia de Lugo e na de Pontevedra. Pouco tempo despois, decidiu pedir o traslado e finalmente no ano 1949, foi nomeado para o Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Lleida, onde estivo pouco tempo porque foi

designado nese mesmo ano para a Audiencia Territorial de Oviedo.

Dende que foi separado na carreira xudicial no ano 1955, exerceu a avogacía en Santiago ata o seu falecemento en 1973. Recibiu en vida a Cruz de Alfonso X o Sabio, en 1942, e unha insignia moi querida no ámbito do dereito como é a Gran Cruz de San Raimundo de Penafort, de segunda clase. En 1992 dedicóuselle o día das letras galegas.

Colaborou coa Real Academia Galega, na que ingresou no ano 1941, e co Seminario de Estudos Galegos. A súa obra *Nao senlleira* (1933) inicia a corrente poética do neotrobadorismo. Destacan tamén *Cabalgadas en Sabnés* (1925), *Seitura* (1955), e a súa *Obra literaria completa* (1981).

Roberto

GONZÁLEZ PASTORIZA



Roberto González Pastoriza naceu en Moaña o 26 de febreiro de 1898 e morreu en Vigo en 1985, e foi un destacado avogado e político galego, e en galego.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago, licenciándose en 1920. Debe sinalarse que entre os seus profesores estaban dous grandes nomes das Irmandades da Fala, Luís Porteiro Garea e Lois Peña Novo.

Pouco tempo despois de licenciarse incorporouse ao despacho do avogado Gregorio Espino, que cando foi nomeado alcalde de Vigo, deixou ao seu colaborador ao cargo do mesmo. Xa no ano 1927, sendo letrado externo do Concello de Vigo, abre despacho propio na Porta do Sol da cidade olívica.

A esa condición engadíase a de articulista en diferentes xornais como Faro de Vigo, La Noche ou El Pueblo Gallego e a do compromiso co galeguismo e a lingua galega. Asistiu á II Asamblea Nacionalista celebrada en Santiago de Compostela en 1919, integrouse máis adiante no Grupo Autonomista Galego e colaborou na redacción do Proxecto de Estatuto de Autonomía para Galiza no ano 1936.

Desenvolveu a profesión de avogado con brillantez e defendeu a varios políticos tras o golpe de Estado de 1936, entre eles ao alcalde Martínez Garrido, o que lle trouxo unha serie de problemas que o levaron

a ser desterrado. Podemos documentar a súa actividade porque era letrado da Caixa de Aforros de Vigo, e da Unión de Entidades Viguesas. Foi el tamén un dos membros da comisión promotora do Colexio de Avogados de Vigo.

Debe sinalarse o seu apoio á cultura, destacando a súa colaboración coa Fundación Penzol e coa propia Asociación Cultural de Vigo. No ano 1978 foi condecorado coa Cruz de San Raimundo de Peñafort de primeira categoría.

Xosé Luís

FRANCO GRANDE



Xosé Luís Franco Grande naceu en Tebra, Tomiño, o 17 de febreiro de 1936 e morreu o 31 de marzo de 2020 en Vigo.

Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago e onde finalmente se graduou en Dereito.

Comezou a exercer a avogacía en Coruña facendo a pasantía con Sebastián Martínez Risco e Macías, ata que volveu a Vigo onde se afincou e onde exerceu a avogacía e foi xefe da Asesoría Xurídica de Caixa Vigo (Abanca).

Foi Membro da Real Academia Galega da lingua dende o seu ingreso en 1978, aínda que foi no ano 1998 cando pronunciou o seu discurso de ingreso. Publicou numerosos artigos e traballos sobre diferentes figuras da cultura galega, e colaborou con diferentes medios de comunicación como La Voz de Galicia, La Noche, Ínsua, Grial, etc. Formou parte tamén do consello de Editorial Galaxia.

Destacou como poeta, e publicou numerosos libros de poesía e de teatro, así como de ensaio. Entre os seus libros de poemas destacan: *Brétemas do vieiro* (1955), *Entre o si e o non* (1967), *O tempo á espreita* (1987), *Xoguetes do tempo* (2015), *Libro das abandonadas* (2017). Entre os seus ensaios destacados: *Os anos escuros* (1985),

A ilusión da esperanza (1991), *Francisco Fernández del Riego. Galeguista de acción e cultura* (2001).

Merece unha mención especial entre o seu traballo, a elaboración do Dicionario de galego-castelán publicado en 1968, que foi un instrumento fundamental para a recuperación da lingua galega, tras a prohibición durante o franquismo, e que vendeu máis de cincocentos mil exemplares